



## BOLETÍN INFORMATIVO - MARZO - 2005

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

Páx web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### NOVAS DO SECTOR

- Prorrogado o prazo de presentación da solicitude da PAC ata o 29 de abril.
- Analizaranse 125.500 cabezas de caprino no Estado Español en busca de individuos con EEB.

### ACTIVIDADES

**Participación en "Xantar"**. OVICA e COVIGA participaron na feira celebrada no recinto de Expourense entre os días 2 e 6 de marzo. No stand estiveron expostos os produtos que comercializa a cooperativa COVIGA ademais de ofrecer ó público asistente información sobre os sistemas productivos das explotacións asociadas a OVICA.



### **Participación na assemblea da ORG. GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

Dous representantes de OVICA asistiron, como convidados, á assemblea anual da ORGMMVVMC celebrada en Sanxenxo o día 5 de marzo.

Salientáronse os principais logros conseguidos pola organización no ano 2004 que foron:

- Paralización da lei galega de montes.
- Creación do modelo FSC de certificación forestal.
- Presentación dun proxecto para o aproveitamento de pastos nos montes veciñais a través do programa INTERREG.
- Loita cos veciños de Negueira de Muñiz pola propiedade do monte veciñal con sentenza favorable no 1º xuízo.

### NORMATIVA

#### **Decreto de prevención de incendios**

A Consellería de Medio Ambiente prohibirá con carácter xeral calquera actividade en terreo arborado queimado cuxa viabilidade estea directamente relacionada coa desaparición do arborado. Ademais, será preciso o informe favorable de Medio Ambiente durante un prazo de tres anos para a construción de instalacións en solos rústicos queimados. Estas prohibicións entraron en vigor o 16/2/05.

#### **Controlar aproveitamentos**

Segundo se establece no decreto, prohibese o pastoreo en todas as áreas arboradas que resulten afectadas por lumes forestais nun prazo mínimo de tres anos a contar desde a data na que se produza o incendio e ata que as axeitadas condicións de restauración da masa arborada queimada o permitan. Cando a zona afectada sexa matogueira a prohibición de pastoreo manterase tamén durante tres anos, salvo autorización, por concorrer circunstancias excepcionais, de Medio Ambiente, previo informe da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

### HUMOR



-Agora temos que tragar *contenedor* e *sig pac*.  
-Pois eu son de comer *con navalla* e *con pan*.

PROMOCIÓN EN TENDAS COLUGA ATA O 31 de MAIO de 2005  
CALOSTRO BOVINO LIOFILIZADO

Bolsa de 5 xeringas + 1 xeringa de regalo = **49,99 €** (Prezo con I.V.E.)



## COMPRA – VENTA

- Mércanse +/- 35 ovellas. Javier (Melide) - 610 50 33 23.
- Mércanse +/-100 ovellas. José Manuel (Paradela) - 626607242 / 982187652.
- Cédense 100 dereitos. Benxamín (Samos) – 670 745 503.
- Cédense 40 dereitos. Susana (Vilasantar – A Coruña) - 659 83 42 02
- Véndense 200 dereitos. Adrián (Lugo) - 630 629 313

### SOLICITUDES DE ALTA EN OVICA - 2005

- Matilde Conceição Correia (Out. de Rei - Lugo)
- Otilia González de Brito (Lobios - Ourense)
- Ana M<sup>a</sup> Alonso Paz (Xinzo de Limia - Ourense)
- Manuel Portela Linares (Meira - Lugo)
- Blanca E. Navarro Cruz (Maceda - Ourense)
- Domingo Lorenzo Barja (Vilardevos -Ourense)
- M<sup>a</sup> Gloria Villamarín Ónega (Meira - Lugo)
- OVELAR S.C. (Larouco - Ourense)

### ASAMBLEA XERAL DE COVIGA

COVIGA celebrou a súa assemblea anual o pasado 26 de febreiro. Nesta assemblea deuse conta do traballo realizado no ano 2004 no que se comercializaron 4.000 animais. Ademais incorporáronse vari@s soci@s ó proxecto cooperativo.



Silo de millo en autoconsumo na explotación de Lucia Serrano (Carballo – A Coruña )

Sen dúbida esta é unha das mellores opcións para alimentar ó gando en anos de pouco pasto como promete ser este.

### SEGUROS RETIRADA DE CADÁVERES

OVICA e o SLG están a manter xuntanzas cos responsables da implantación dos seguros de recollida de cadáveres.

- 18 de xaneiro de 2005 xuntanza co responsable da empresa de recollida de cadáveres.
- 25 de febreiro xuntanza, en Santiago, da presidenta de OVICA, Luis Lamas e Vitor Otero co Dtor. Xeral e Sanidade e Producción Agropecuaria.
- 1 de marzo xuntanza de Lidia Senrra co Conselleiro de P. Agroalimentaria.
- 7 de marzo xuntanza, en Lugo, de Xosé Antón Ledo e Vitor Otero co Delegado de Agroseguro para a zona noroeste.

O SLG e OVICA sigue mantendo a postura de non mercar o contedor por consideralo un gasto innecesario.

Seguimos facendo xestións para que desapareza a obrigatoriedade de mercar o contedor nas explotacións que fagan o seguro e que teñan máis de 50 cabezas.

Hai solicitadas entrevistas co Delegado do Goberno en Galicia, co MAPA e con ENESA.

### FORESTACIÓN DE TERRAS AGRARIAS.

A consellería de P. Agroalimentaria prepara unha orde para voltar a subvencionar a forestación das terras agrarias.

### COLABORACIÓN CO CIAM

OVICA está a colaborar co Centro de Investigacións Agrarias de Mabengondo nun proxecto para detectar a incidencia da criptosporidiose nas explotacións de ovino e caprino galegas.



### ORGANIZACIÓN GALEGA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Ademais de ofrecer asesoramento técnico, xurídico e administrativo para as comunidades de montes a ORGMMVVMC ten como principal obxectivo defender os intereses do monte. Soamente a través da organización das comunidades de montes se pode defender axeitadamente unha propiedade que nos foi legada polos nosos antepasados e que é a mellor garantía dunha calidade de vida no futuro.

Tfños: 986 35 42 48 / 986 84 40 07 / 649 137 135.